

## **PROBAS SELECTIVAS, MESTRES MÓDULOS FORMATIVOS ESPECIALIDADES PROGRAMACIÓN AFD, EXERCIZO 2024-2025.**

### **CONVOCATORIA**

Convócase proceso selectivo, para a provisión, con carácter de urxencia, polo sistema de concurso-oposición, dos postos de traballo de mestras/es (persoal laboral temporal) necesarios para impartir os módulos formativos das especialidades da programación AFD, exercicio 2024-2025, solicitados ao abeiro da *ORDE do 1 de XULLO de 2024 pola que se establecen as bases para as accións formativas do Plan formativo para o emprego ( persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2024-2026, eq realizou a súa primeira convocatoria para os exercicios 2024-2025 (DOG Núm. 132, 9 de xullo de 2024)*, de acordo co seguinte detalle:

Especialidade formativa **(ADGG0508) OPERACIÓNS DE GRAVACION E TRATAMENTO DE DATOS E DOCUMENTOS (RD 645/2011 de 9 de maio)**, na súa segunda edición a impartir na Fundación Cultural da Estrada.

### **BASES DA CONVOCATORIA**

#### **Primeira. Obxecto e características**

1.1.- Mediante as presentes bases regúlase o proceso de selección de persoal docente para impartir a especialidade formativa **AFD 2024-2025 (ADGG0508) OPERACIÓNS DE GRAVACIÓN E TRATAMENTO DE DATOS E DOCUMENTOS (RD 645/2011 de 9 de maio)** segundo o certificado de profesionalidade así como os módulos transversais segundo a resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

1.2.-O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

Os postos convocados son os seguintes:

1 docente para impartir o módulo MF0971\_1: Reprodución e arquivo. (120 h)

1 docente para impartir o módulo MF0973\_1: Gravación de datos (90 h)

1 docente para impartir o módulo MF0974\_1: Tratamiento de datos, textos e documentación (150 h)

1 docente para impartir o módulo MP0110: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 h)

1 docente para impartir o módulo FCOO03: Inserción Laboral, Sensibilización Medioambiental e na Igualdade de Xénero (10h)

1 docente para impartir o módulo FCOXXX05: Formación para a igualdade (8h)

As persoas contratadas prestarán os seus servizos mediante contrato de traballo eventual por circunstancias da produción.

Os contratos realizaranse sucesivamente e non coincidirán no tempo, polo que unha mesma persoa pode optar a todos os postos que desexe, sempre e cando cumpra os requisitos de cada un deles.

A selección efectuarase mediante concurso oposición.

**A contratación das persoas seleccionadas estará supeditada á súa validación por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.**

O persoal realizará as seguintes funcións:

- Programar os contidos da especialidade segundo as esixencias da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- Impartir os módulos aplicando a metodoloxía axeitada segundo as esixencias da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- Avaliar a aprendizaxe do alumnado segundo as esixencias da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- Desenvolver tanto a materia a impartir como os contidos e materiais facilitados á entidade e aos alumnos en lingua galega, segundo as esixencias da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

**Segunda.- Publicidade**

O proceso selectivo efectuarase mediante a publicación do anuncio, polo menos, nun xornal de ámbito autonómico. A convocatoria e o texto íntegro das bases publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web da Fundación Cultural da Estrada ([www.fundacioncultural.aestrada.gal/](http://www.fundacioncultural.aestrada.gal/)).

**Terceira.- Requisitos das persoas candidatas**

Para ser admitidas no proceso selectivo, as persoas aspirantes terán que reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento do nomeamento, os seguintes requisitos:

**3.1.- Nacionalidade.**

a) Ser español.

b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados Membros da Unión Europea, e, cando así o preveña o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ao que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europa e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que viva a súas expensas.

d) Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.

**3.2.-** Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

**3.3.-** Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que

desempeñan no caso do persoal laboral. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos ou acceso o emprego público.

3.4.- Estar en posesión do certificado do Celga 4 ou equivalente.

3.5.- Capacidade profesional: Acreditar o cumprimento dos requisitos que se especifican para cada un dos módulos formativo da especialidade:

(ADGG0408) OPERACIÓNS AUXILIARES DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS E XERAIS (RD 645/2011 de 9 de maio)

Requisitos esixidos para o docente, os cales se especifican no certificado:

No Artigo 20. *Requisitos que se deben cumprir en relación co persoal formador e titor*

1. *Para impartir as ofertas de formación profesional dos graos B e C reguladas nesta orde, o persoal formador deberá cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, e demais normativa que resulte de aplicación.*

2. *Cada módulo profesional das ofertas de grao B ou C que se realice na modalidade presencial poderá ser impartido, como máximo, por dúas persoas formadoras, que deberán cumprir cos requisitos que para cada módulo se establezan na normativa vixente.*

3. *Entenderase que toda persoa que fose validada como formadora por unha unidade administrativa dunha Administración pública competente en materia de formación profesional para o emprego para impartir unha determinada especialidade formativa cumpre cos requisitos para impartila, na modalidade para a que foi validada, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

4. *As persoas responsables da titorización-formación que impartan formación na modalidade virtual deberán acreditar o cumprimento dos requisitos específicos requiridos para cada especialidade e contar con formación ou experiencia verificable nesta modalidade. Para acreditar a formación e/ou a experiencia requirida na modalidade virtual e na utilización das tecnoloxías da información e comunicación esixirase, cando menos, unha formación de 30 horas ou unha experiencia de 60 horas na impartición de accións formativas nesta modalidade.*

5. *A acreditación da experiencia profesional no eido das competencias relacionadas co módulo profesional, a experiencia docente e/ou a experiencia na modalidade virtual e na utilización das tecnoloxías da información e comunicación efectuarase de acordo co disposto no artigo 19.3 da Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro.*

6. *As persoas docentes encargadas de impartir o módulo de formación sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica establecido no artigo 30 desta orde deberán acreditar 150 horas de formación en materia de xénero ou experiencia profesional ou docente en materia de xénero, e seranlles de aplicación os mesmos criterios de equiparación da acreditación no territorio da Comunidade autónoma de Galicia aplicables para as persoas docentes que impartan especialidades formativas. Así mesmo, poderá impartir este módulo o persoal inscrito no Rexistro de Persoal Docente acreditado para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero (códigos de procedemento SI500A e SI500B). A resolución de inscrición no rexistro será condición suficiente para xustificar o cumprimento dos requisitos esixidos no parágrafo anterior.*

2. De acordo co establecido no artigo 13.3 do Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, poderán ser contratados como expertos para impartir determinados módulos formativos que se especifican no apartado IV de cada un dos anexos dos certificados de profesionalidade, os profesionais cualificados con experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia á que está asociado o módulo.

Segundo o apartado IV do certificado de profesionalidade de Operacións Auxiliares de Servizos Administrativos e Xerais as prescricións para os formadores son as seguintes:

Módulos Formativos	Acreditación requirida	Experiencia profesional requirida no ámbito da unidade de competencia	
		Con acreditación	Sen acreditación
MF0973_1: Gravación de datos	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>-Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>-Técnico e Técnico Superior da familia profesional de Administración e Xestión e informática e comunicacións</li> <li>-Certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 do área profesional de Xestión da Información e comunicación da familia profesional de Administración e xestión</li> <li>Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional da informática e comunicacións</li> </ul>	1 ano	3 anos
MF0974_1: Tratamento de datos, texto e documentación	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>-Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>-Técnico e Técnico Superior da familia profesional de Administración e xestión</li> <li>-Certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 do área profesional de Xestión da Información e comunicación da familia profesional de Administración e xestión</li> </ul>	1 ano	3 anos
MF0971_1: Reprodución de arquivo	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>-Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>-Técnico e Técnico Superior da familia profesional de Administración e xestión</li> <li>-Certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 do área profesional de Xestión da Información e comunicación da familia profesional de Administración e xestión</li> </ul>	1 ano	3 anos
FCOO03:Inserción Laboral, Sensibilización	<p><b>PRESCRICIÓN DOS FORMADORES</b></p> <p>-Titulación requirida: A requirida aos formadores da acción formativa á que vai vinculada. Formación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres,</p>		

Medioambiental e na Igualdade de Xénero. (10h)	sensibilización ambiental e orientación profesional ou na súa falta capacitación profesional equivalente. -Experiencia profesional requirida: A requirida aos formadores da acción formativa á que vai vinculada. -Competencia docente: Será necesario ter experiencia metodolóxica ou experiencia docente.
FCOXXX05: Formación para a igualdade. (8h)	Segundo orde de 1 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases para ás accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2024-2026, que realizou a súa primeira convocatoria para os exercicios 2024-20258 (DOG Núm. 132, 9 de xullo de 2024) (código de procedemento TR301K) as persoas docentes encargadas da impartición do módulo de formación sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica deberán acreditar 150 horas de formación en materia de xénero ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero, séndolles de aplicación os mesmos criterios de equiparación da acreditación que se establecen no parágrafo anterior para as persoas docentes que impartan módulos dos certificados de profesionalidade

3.6.- Competencia docente: deberá estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos ou experiencia docente. Deste requisito estarán exentos:

- a. Os que estean en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de postgrao nos citados ámbitos.
- b. Os que posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo estarán exentos os que acrediten a posesión do Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas.
- c. Os que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo, na modalidade presencial.

3.7.- Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

3.8.- As persoas con discapacidade serán admitidas en condicións de igualdade cos demais aspirantes, agás que a restrición padecida lles impida ou que resulte incompatible co desempeño das funcións propias da praza. O tribunal examinará e resolverá motivadamente estas peticións, podendo solicitar o oportuno informe dos organismos competentes.

#### **Cuarta.- Forma e prazo de presentación das solicitudes**

4.1.- As persoas interesadas en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar en instancia, que será facilitada nestas bases, nas dependencias da Fundación Cultural da Estrada e na páxina web: [www.fundacioncultural.aestrada.gal](http://www.fundacioncultural.aestrada.gal) na que manifieste que reúne todos e cada un dos

requisitos esixidos na base terceira. Debe indicarse na instancia cada un dos módulos formativos aos que se opta.

4.2. Á instancia (Anexo I) achegaráselle a documentación seguinte:

- Fotocopia cotexada do DNI.

Os aspirantes nacionais da Unión Europea ou nacionais de calquera dos Estados dos que en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, deberán presentar una fotocopia cotexada do documento de identidade ou pasaporte do seu país de orixe. As persoas ás que fai referencia o artigo 57.2 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, deberán presentar una fotocopia cotexada do pasaporte, do visado e, no seu caso, do resguardo de ter solicitada a correspondente tarxeta de identidade de estranxeiros ou do resguardo de ter solicitada a exención de visado e correspondente tarxeta de identidade de estranxeiros. De non ter solicitados estes documentos deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e una declaración xurada ou promesa, do español ou do nacional doutro Estado Membro da Unión Europea, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que o aspirante é menor de vinteún anos ou que sendo maior desa idade vive a súas expensas.

- Fotocopia cotexada dos requisitos establecidos na base terceira.
- Currículum vitae.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados debidamente cotexados que se describen no apartado 7.1 fase concurso. Non se valorarán os méritos que non se acrediten debidamente.
- Memoria da actividade (Ver apartado 7.2).
- Declaración responsable (Anexo II) de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade e de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos cargos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Declaración de vinculación (Anexo II).
- Copia cotexada do Celga 4 ou equivalente.

A solicitude xunto coa documentación indicada poderá presentarse no rexistro da Fundación Cultural da Estrada ou, no seu caso, a través da rede pública de oficinas de Correos.

No caso de que a solicitude non se presente no rexistro da Fundación Cultural da Estrada deberá enviarse un correo electrónico ao enderezo [fundacioncultural@astrada.es](mailto:fundacioncultural@astrada.es) dentro do prazo de presentación de solicitudes, xuntando o documento acreditativo da súa presentación na oficina da rede pública de Correos correspondente.

O prazo para a presentación das solicitudes será de cinco días hábiles, desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria nun xornal de ámbito autonómico.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación no prazo sinalado para a presentación de solicitudes.

#### **Quinta.- Admisión dos aspirantes**

Para ser admitido será necesario que as persoas aspirantes manifesten que reúnen os requisitos esixidos na convocatoria e presenten a documentación requirida conforme establecen as bases terceira e cuarta.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o presidente da Fundación Cultural da Estrada aprobará as listas provisionais de admitidos e excluídos para cada un dos postos con indicación das causas que motivan a exclusión, concedéndose un prazo de un día hábil para a corrección de erros. As listas de admitidos e excluídos publicaranse no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural da Estrada e na páxina web [www.fundacioncultural.aestrada.gal](http://www.fundacioncultural.aestrada.gal)

Finalizado o prazo de corrección de erros, o presidente da Fundación Cultural da Estrada aprobará as listas definitivas de admitidos e excluídos que se publicarán no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural A Estrada e na páxina web [www.fundacioncultural.aestrada.gal](http://www.fundacioncultural.aestrada.gal) determinando o lugar, a data e a hora do comezo dos exercicios.

#### **Sexta.- Tribunal Cualificador**

Os membros do Tribunal serán designados/as por decreto, no momento da aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán posuír igual ou superior titulación á esixida como requisito de acceso aos postos convocados.

O Tribunal poderá constituírse e actuar validamente cando se atopen presentes ao menos tres dos seus membros, precisándose en todo caso, a asistencia do presidente e secretaria.

Os acordos adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e no seu caso o empate resolverase co voto de calidade do presidente.

Os membros do Tribunal nos que conorra algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público deberán absterse de intervir notificándollo ao presidente. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das causas do artigo 23 da citada Lei. O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para todas ou algunha das probas.

As decisións do Tribunal adoptaranse por maioría, xa sexan puntuacións ou interpretacións. O presidente terá voto de calidade en caso de empate.

Así mesmo, contra as resolucións e actas ditadas polo Tribunal e as súas actas de trámite que impidan continuar o procedemento ou produzan indefensión, poderá interpoñerse recurso ante o presidente da Fundación Cultural da Estrada.

#### **Sétima.- Procedemento de selección**

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso-oposición.

A persoa seleccionada para impartir o maior número de módulos formativos dentro da especialidade formativa, será tamén seleccionada como titor do módulo de prácticas profesionais non laborais. En caso de que se produza empate no maior número de módulos formativos dentro dunha especialidade, será seleccionado de entre eles o que imparta o maior número de horas dentro da especialidade. Se

aínda así persistise o empate, aplicaranse os criterios de desempate establecidos segundo as cualificacións acadadas no procedemento de concurso oposición.

### **7.1 FASE DE CONCURSO (máximo 10 puntos)**

#### **7.1.1. Titulación académica (máximo 1 puntos)**

Outras titulacións académicas esixidas polo certificado de profesionalidade, ou que, segundo o criterio do Tribunal, teñan relación co curso a impartir:

- Por cada titulación: 0,5 puntos.

Acreditarase mediante fotocopia cotexada dos títulos ou certificados acreditativos.

Non se avaliará a titulación académica que se precisa como obrigatoria polo Certificado de Profesionalidade.

#### **7.1.2. Cursos realizados (máximo 2 puntos)**

Cursos impartidos relacionados directamente cos contidos do certificado de profesionalidade (ADGG0508) OPERACIÓNS DE GRAVACION E TRATAMENTO DE DATOS E DOCUMENTOS e de competencia docente sempre que fosen impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes destas.

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,10 por cada curso.

- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,20 por cada curso.

- Cursos de 100 a 250 horas lectivas: 0,30 por cada curso.

- Cursos de máis de 250 horas: 0,60 por cada curso.

Acreditarase mediante documentación xustificativa cotexada da realización dos cursos, na que conste con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico.

Non se avaliará a formación que se precisa como obrigatoria polo Certificado de Profesionalidade.

#### **7.1.3. Experiencia Profesional (máximo 3 puntos)**

Experiencia profesional no exercicio da profesión. Non se avaliará o tempo de traballo que fose acreditado para suplir a carencia das titulacións nin o que se precisa como obrigatorio polo Certificado de Profesionalidade:

- Por cada mes traballado: 0,10 puntos.

A experiencia profesional acredítase de acordo co seguinte detalle:

- Traballadores asalariados:

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade á que estiveran afiliados, onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación.

- Contrato de traballo ou certificación da empresa onde tiveran adquirido a experiencia laboral, na que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do



contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo no que se realizou a actividade.

- Traballadores autónomos ou por conta propia:

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade á que estiveran afiliados, na que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida e intervalo de tempo na que se realizou esta.

- Traballadores voluntarios ou bolseiros:

- Certificación da organización ou empresa onde tiveran prestado a asistencia na que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano no que desenvolveron a actividade e o número total de horas adicadas a esta.

#### **7.1.4. Experiencia Docente (máximo 4 puntos)**

- Por cada hora de formación para o emprego impartida na mesma especialidade na que concursa: 0,002 (máximo 3 puntos)

- Por cada hora de formación para o emprego impartida noutra especialidade da mesma familia profesional: 0,001 (máximo 1 punto)

**A experiencia acreditarase coa mesma documentación que a detallada no caso da acreditación da experiencia profesional, e ademais, con documentación xustificativa da formación impartida: denominación do curso, módulo ou unidade de competencia así como as horas e as datas.**

#### **7.2 FASE DE OPOSICIÓN (máximo 15 puntos)**

Consistirá na defensa durante un período máximo de 15 minutos, dunha memoria que versará sobre a programación de cada unha das unidades de competencia do certificado de profesionalidade, dirixida a un grupo de 15 alumnos/as. A memoria deberá presentarse xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, e terá unha extensión non superior a 10 páxinas, por módulo formativo, en formato A4 a unha cara con letra Arial 10, redactada en lingua galega. A memoria tamén se valorará.

Ao finalizar a defensa da memoria por parte da persoa aspirante, os membros da Tribunal poderán facer todas as preguntas que considere oportunas para constatar os coñecementos sobre a materia e as aptitudes da persoa candidata para poder proceder posteriormente á súa avaliación.

Valorarase o contido e adecuación da programación, as aptitudes e claridade na exposición e os coñecementos sobre a materia.

Para superar a fase de oposición é preciso acadar unha puntuación mínima de 7,5 puntos.

As persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente), terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento. Consistirá na tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos, sendo a cualificación de apto ou non apto.

#### **Oitava. Desenvolvemento do proceso selectivo**

8.1. As persoas aspirantes serán convocadas, provistas do seu D.N.I. para o exercicio en chamamento único, sendo excluídas da oposición as que non comparezan. A non presentación dun aspirante ao exercicio determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar neste, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo.

8.2 A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada apartado do concurso-oposición. O Tribunal publicará na paxina web da Fundación Cultural da Estrada ([www.fundacioncultural.aestrada.gal](http://www.fundacioncultural.aestrada.gal)) o resultado do concurso-oposición, ordenando as persoas aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: en primeiro lugar o que acade maior puntuación na fase de concurso e de persistir o empate teranse en conta os mellores resultados na fase de oposición.

8.3 A puntuación final de cada posto determinará a orde das propostas ao Departamento Territorial da Consellería Economía, Emprego e Industria para que proceda á súa validación como docente, de xeito que o aspirante que acade a maior puntuación será proposto en primeiro lugar.

**A contratación dos/as candidatos/as seleccionados/as estará supeditada á validación dos candidatos/as por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.**

#### **Novena.- Presentación de documentación e resolución de contratación.**

Os candidatos seleccionados para o docente do primeiro módulo terán que presentar na Fundación Cultural da Estrada, dentro dos tres días hábiles dende a publicación dos resultados definitivos os documentos que a continuación se relacionan (para o resto dos módulos entregaranse, 5 días hábiles antes do comezo do módulo formativo:

-Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade que imposibilite o desempeño das funcións propias do posto.

-Certificado de conta bancaria da que sexa titular o aspirante coa finalidade de proceder ao aboamento das nóminas.

-Número de afiliación á Seguridade Social no caso de posuílo.

No caso de que un candidato sexa proposto para varios módulos presentará esta documentación só unha vez.

Se dentro do prazo indicado, e agás caso de forza maior, as persoas aspirantes propostas non presentaran a documentación, non foran validadas polo Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou se por calquera circunstancia a entidade anula a actividade formativa, as persoas aspirantes non poderán ser contratadas e serán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na instancia. Neste caso formularase proposta adicional a favor de quen lle siga na orde de puntuación, sempre que superase as probas esixidas.

#### **Décima. Lista de reserva.**

Crearase unha lista de reserva cos aspirantes que superaron o exercicio para cada un dos postos. A orde na bolsa determinarase polas puntuacións acadadas no procedemento e de acordo coa proposta efectuada polo Tribunal.

Esta listaxe terá vixencia durante o tempo de duración da especialidade formativa á que se opta.

#### **Undécima. Incidencias.**

O Tribunal Cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do concurso – oposición en todo o non previsto nestas bases.

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as bases, así como todos os actos administrativos que se deriven dela nos casos e na forma establecida na Lei de Procedemento Administrativo.

A Estrada, 13 de novembro de 2024

O presidente da Fundación Cultural da Estrada

Asdo. Gonzalo Louzao Dono

**ANEXO I**

**SOLICITUDE**

**AO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN CULTURAL DE A ESTRADA**

Para participar no proceso de selección de persoal docente para impartir a Especialidade formativa AFD 2024-2025 ADGG0508 OPERACIÓNS AUXILIARES DE GRAVACION E TRATAMENTO DE DATOS DE DOCUMENTOS

SOLICITANTE: \_\_\_\_\_

D.N.I.: \_\_\_\_\_ TELÉFONO: \_\_\_\_\_

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN: \_\_\_\_\_

CORREO ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

Enterado do proceso convocado pola Fundación Cultural da Estrada para a selección de docentes para o curso OPERACIÓNS AUXILIARES DE GRAVACION E TRATAMENTO DE DATOS DE DOCUMENTOS

**EXPOÑO:**

1º.- Que desexo tomar parte no proceso selectivo convocado.

2º.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria para o desempeño do mencionado posto de traballo.

3º.- Que xunto a seguinte documentación:

	Fotocopia cotexada do D.N.I.
	Fotocopia cotexada da titulación esixida
	Fotocopia cotexada da titulación esixida en competencia docente
	Fotocopia cotexada dos méritos alegados
	Documentación que acredite a experiencia docente segundo as bases
	Fotocopia cotexada da documentación acreditativa do Celga 4
	Memoria
	Anexo I
	Anexo II

**SOLICITO:**

Ser admitido/a ao proceso selectivo con acatamento expreso das bases da convocatoria, nos seguintes postos:

	<b>POSTO</b>
	1 docente para impartir o módulo MF0971_1: Reprodución e arquivo. (120 h)
	1 docente para impartir o módulo MF0973_1: Gravación de datos (90 h)
	1 docente para impartir o módulo MF0974_1: Tratamiento de datos, textos e documentación (150 h)
	1 docente para impartir o módulo MP0110: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 h.)
	1 docente para impartir o módulo FCOXXX05: Formación para a igualdade.(8 h.)
	1 docente para impartir o módulo FCOO03: Inserción Laboral, Sensibilización Medioambiental e na Igualdade de Xénero.(10 h.)

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2024

Sinatura:

## ANEXO II

### DECLARACION RESPONSABLE

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_

Con DNI: \_\_\_\_\_

E domicilio en \_\_\_\_\_

DECLARO:

- Que non estou incurso/a en causa de incompatibilidade ou incapacidade e que non teño sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e non estou inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- No caso de ser nacional doutro Estado, non estou inhabilitado/a ou en situación equivalente nin estou sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Que SI  NON  estou vinculado coa entidade que convoca o proceso selectivo ao que me presento.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2024

Sinatura: